

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 30 DE NOVEMBRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o concello de Vilanova de Arousa para o proxecto de execución para acondicionamento do mercado municipal e espazo gastronómico A Vilanovesa e-Gourmet Market, por importe total dun millón novecentos noventa e nove mil novecentos oitenta e sete euros con sete céntimos (1.999.987,07€), por tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e as organizacións non gobernamentais Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) e Asociación Ecos do Sur para o apoio conxunto ao I Programa Galego de Acollida Temporal a Mulleres Defensoras de Dereitos Humanos, por un importe total de cincuenta mil cincocentos oitenta e seis euros con corenta e oito céntimos (50.586,48 €).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autorizan os pagamentos anticipados ata o 70 % do importe da subvención na Resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, xestionadas polo Instituto de Estudos do Territorio e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2024, tramitado como expediente anticipado de gasto, por un importe dun millón de euros (1.000.000,00€).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteproxecto de lei para o desenvolvemento e o impulso da intelixencia artificial en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto polo que se regula a organización, promoción e carreira profesional do persoal de investigación de carácter laboral nos organismos de investigación da Administración da comunidade autónoma, para a súa remisión ao Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Industria e Innovación, en relación coas axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, por un importe total de tres millóns seiscentos dezanove mil douscentos euros (3.619.200,00€).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, documentalmente simplificado e dividido por lotes, da subministración de diverso equipamento de programación e robótica para os polos creativos dos centros educativos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no desenvolvemento do programa Código Escola 4.0, tramitado polo procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, anticipado de gasto, polo importe de doce millóns seiscentos vinte e cinco mil catorce euros con dezaseis céntimos (12.625.014,16€) (IVE incluído) e un valor estimado de dez millos catrocentos trinta e tres mil oitocentos noventa e seis euros (10.443.896,00€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela, para a aplicación da gratuidade da atención educativa na escola infantil 0-3 Breogán, por importe de douscentos vinte e cinco mil euros (225.000,00€).
- Acordo polo que se aproba o acordo acadado o 9 de agosto de 2023 entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais CIG, CC.OO., CSIF e UGT sobre as condicións de traballo do persoal dos centros de xestión propia da Consellería de Política Social e Xuventude.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subministración sucesiva e por prezo unitario de roupa de cama e dos doentes para os centros dependentes das áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por importe de dous millóns catrocentos trinta e seis mil seiscientos tres euros con cincuenta céntimos (2.436.603,50€), IVE incluído, e un valor estimado de cinco millóns catrocentos trinta e sete mil corenta e oito euros con trinta e dous céntimos (5.437.048,32€).
- Acordo polo que se aproba o proxecto da Estratexia Galega de Saúde 2030, para a continuación da súa tramitación e a súa posterior remisión ao Parlamento de Galicia.

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (Fegataxi), para o apoio ao traslado das mulleres vítimas de violencia de xénero, por un importe de oitenta e cinco mil euros (85.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, no proxecto de Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, por importe de cinco millóns trescentos noventa e nove mil novecentos noventa e catro euros (5.399.994,00€), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual na Orde de ampliación de crédito da Orde do 3 de xaneiro de 2023 pola que se establecen, para o período 2023-2025, as bases reguladoras polas que se rexerán as accións formativas do Plan de formación para o emprego (persoas traballadoras ocupadas) e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2023-2024, por importe dun millón setecentos dezasete mil seiscientos tres euros con catorce céntimos (1.717.603,14€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación pola Consellería do Medio Rural, por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, da subministración mediante arrendamento, na modalidade de renting, de 122 vehículos para os servizos de prevención e defensa contra os incendios forestais, durante os anos 2024, 2025, 2026 e 2027 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027, tramitación anticipada de gasto, polo importe de licitación de cinco millóns cento setenta e nove mil cincocentos corenta e cinco euros con trinta e seis céntimos (5.179.545,36 €) con IVE, e cun valor estimado (posibles prórrogas incluídas) de sete millóns cento trinta e catro mil trescentos sesenta euros (7.134.360,00 €) sen IVE.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para eximir os beneficiarios da obriga de constituír garantías nos anticipos que poidan recibir con cargo á Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás entidades recoñecidas como agrupacións de defensa sanitaria gandeiras (ADSG) de Galicia e se convocan para o ano 2024-2025, cando o seu importe sexa superior aos dezaioito mil euros (18.000 €), para a realización de pagamentos anticipados en contía superior á que resulta da aplicación do artigo 63.1.un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e para adquirir compromisos de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Tramitación anticipada de gasto. Importe total dous millóns douscentos oitenta mil euros (2.280.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para eximir os beneficiarios da obriga de constituír garantías nos anticipos que poidan recibir con cargo á Orde pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas para o control de rendemento leiteiro ás entidades oficialmente recoñecidas para a realización do control leiteiro en Galicia, e se convocan para o ano 2024, de conformidade co previsto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Tramitación anticipada de gasto. Importe total setecentos cincuenta mil euros (750.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023-2024. Tramitación anticipada de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre as bases reguladoras das axudas a Startups 2024.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Informe sobre as melloras no sistema de atención á dependencia en Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o VIH-SIDA e outras ITS en Galicia 2023.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPLETA CON PRETO DE 400.000€ O INVESTIMENTO DO FUTURO MERCADO GASTRONÓMICO DE VILANOVA DE AROUSA

O Consello da Xunta dá visto e praxe a un convenio que achega a contía económica necesaria para levar a cabo a reforma integral da praza de abastos da localidade

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dun convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o Concello de Vilanova de Arousa que fará posible culminar a reforma do mercado municipal e crear o espazo gastronómico A Vilanovesa e-Gourmet Market. Con este convenio o Goberno autonómico achega 399.997 euros, o investimento necesario para completar o importe global das obras que contaron cunha axuda de fondos estatais do Plan de recuperación, transformación e resiliencia que non sufragaban a totalidade do proxecto.

A iniciativa, cun investimento global de 1,9M€, supón reformar de xeito integral o actual mercado municipal e crear novas áreas de uso público vinculadas á gastronomía. Actuarase na parte superior que hoxe en día é cuberta e será destinada a un espazo gastronómico. As zonas oeste e leste deste andar acondicionaranse para crear un parque infantil, un espazo multiúsos destinado a expansión da mocidade e salón para actos multifunción onde se poderían desenvolver cursos e actividades xuvenís de todo tipo.

Tamén se prevé a mellora e o acondicionamento das infraestruturas na planta baixa, que na actualidade está destinada a mercado de abastos e das zonas de acceso coa implantación de prazas de aparcadoiro para persoas con discapacidade, espazos destinados ao estacionamento de bicicletas e puntos de recarga de vehículos eléctricos. Así mesmo, instalarase unha illa verde de reciclaxe de materiais.

Multiplicar o atractivo turístico

Con estas actuacións buscarase incrementar a actividade comercial no mercado de abastos, pero tamén o número de visitantes e multiplicar o seu atractivo e interese turístico, tendo en conta, ademais, que este municipio é un dos concellos polos que pasa polo itinerario xacobeo Ruta do Mar de Arousa e río Ulla. Ademais, a posta en valor deste espazo vinculado á gastronomía alíñase cos obxectivos da Xunta centrados na desestacionalización da man de recursos propios da Comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA O PRIMEIRO PROGRAMA GALEGO DE ACOLLIDA TEMPORAL A MULLERES DEFENSORAS DE DEREITOS HUMANOS

- O Consello autorizou hoxe a sinatura do convenio coas ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) e Ecos do Sur
- Orzado en 50.600 euros, o Goberno galego achega ao proxecto 48.000 e as organizacións participantes, a contía restante

O Consello da Xunta aprobou hoxe a posta en marcha do primeiro Programa galego de acollida temporal a mulleres defensoras de dereitos humanos. A iniciativa materializarase a través dun convenio entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade coas ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) e Ecos do Sur. O programa está orzado en 50.600 euros, dos que o Goberno galego achega 48.000 e as organizacións participantes, a contía restante.

Búscase así promocionar a defensa dos dereitos humanos nos países onde a cooperación galega ten presenza e garantir a seguridade das mulleres neste labor. As beneficiarias da medida deben pertencer a organizacións ou movementos sociais e ver ameazada a súa vida ou integridade física e psicolóxica.

A través do programa facilitaráselles a saída do contexto de risco en que se atopan ao tempo que se fortalecen as súas capacidades e o seu benestar. Ademais, crearanse espazos en que se difunda a axenda de defensa de dereitos das súas comunidades, organizacións e movementos sociais, así como de denuncia das violacións de dereitos humanos e de aproximación ao contexto do país.

O acordo autorizado hoxe polo Consello da Xunta inclúe actuacións iniciadas a partir do pasado setembro e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024. A través del o Goberno galego financiará gastos de persoal, desprazamentos e servizos técnicos e profesionais, entre outros conceptos.

Marco de acción

O convenio entre a Xunta e as tres ONGD para poñer en marcha o novo Programa galego de acollida temporal a mulleres defensoras de dereitos humanos dálles cumprimento aos compromisos do V Plan director da cooperación galega 2023-2026, entre os que figuran a promoción e garantía dos dereitos humanos e o impulso da igualdade de xénero cun enfoque feminista e o apoderamento de dereitos das mulleres. Así mesmo, o plan nomea entre os colectivos prioritarios as persoas defensoras dos dereitos humanos e sinala a igualdade entre as prioridades transversais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A iniciativa enmárcase tamén no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que recolle medidas en materia de cooperación internacional, como dispoñer recursos contra a violencia machista.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ EN XANEIRO POR 2 M€ AS AXUDAS A CONCELLOS E PARTICULARES PARA CORRIXIR O IMPACTO PAISAXÍSTICO DE VIVENDAS, EDIFICIOS E EQUIPAMENTOS

- Rueda destaca que o obxectivo é “seguir promovendo o *fermosismo*” e reformar inmobles “en mal estado e que afean a paisaxe e as contornas”
- Resaltou que desde a posta en marcha da medida en 2021, o Goberno galego apoiou a un total de 156 entidades locais e a máis de 1.800 particulares para levar a cabo este tipo de obras
- Os propietarios poderán acceder a incentivos de ata 3.000 € para mellorar o aspecto exterior dos seus inmobles e as entidades locais terán á súa disposición un máximo de 40.000 € para actuar en dependencias municipais e outras construcións públicas
- O presidente anuncia que, como novidade, estas axudas tamén financiarán a eliminación de elementos adxacentes aos bens nos que se vaia intervir “coma galiñeiros ou muros a medio derrubar”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico vai destinar 2 millóns de euros no 2024 a unha nova convocatoria das axudas dirixidas a propietarios particulares e a concellos para executar actuacións destinadas a eliminar o impacto paisaxístico de vivendas privadas, edificios ou dependencias públicas. “Imos seguir promovendo o *fermosismo*” e dando apoios para “corrixir edificios mal conservados ou que afean a paisaxe e os entornos”, resaltou Rueda.

Será o cuarto ano consecutivo que o Goberno galego aposte por este programa, impulsado en 2021 polo Instituto de Estudos do Territorio (IET) –dependente da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda– e cuxas tres convocatorias anteriores tiveron “moi boa acollida e aceptación”, indicou o presidente, que asegurou que nos últimos tres anos recibiron achegas “1.800 particulares e 156 entidades locais”. Grazas a estas axudas financiáronse intervencións en máis de 270 concellos, case o 88% do total, polo que o impacto da medida chegou xa a practicamente toda a Comunidade.

Ademais, os incentivos concedidos no período 2021-2023 suman case 7,5 millóns de euros aínda que o investimento total mobilizado supera os 10,5 millóns tendo en conta tamén as achegas realizadas por concellos e cidadáns para completar o custo das obras.

En canto á convocatoria do próximo ano, os propietarios particulares poderán acceder a incentivos de ata 3.000 euros para mellorar a imaxe exterior das súas vivendas e doutras construcións, como muros de peche, mentres que as entidades locais terán á súa disposición un máximo de 40.000 euros (20.000 euros por cada liña) para actuar en edificios e dependencias destinadas a servizos municipais –liña 1– ou sobre construcións, equipamentos públicos e bens do patrimonio etnográfico local –liña 2– que polo seu aspecto e deterioro actual poidan producir unha distorsión na contorna natural ou urbana onde se localizan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As contías máximas previstas en ambas ordes de axudas permitirán cubrir ata o 70% do orzamento do investimento subvencionable de forma que, na práctica, se prevé mobilizar preto de 2,9 millóns de euros grazas á concesión destes incentivos, que buscan incidir na cultura do *fermosismo* impulsada pola Xunta a través da sensibilización cidadá e da colaboración con outras administracións públicas.

Ademais, tal e como explicou Rueda, estímase que grazas aos 2 millóns de euros cos que estarán dotadas inicialmente ambas liñas se poderá axudar “a máis de 50 municipios galegos e a case 400 cidadáns” a mellorar a imaxe exterior dos seus inmobles e edificacións.

Detalles da cuarta convocatoria

En base á experiencia dos anos anteriores, nesta cuarta convocatoria das axudas para a corrección de impactos paisaxísticos seguirase apostando pola simplificación dos trámites e da documentación a presentar, ao tempo que se axiliza a súa resolución.

No caso das entidades locais, igual que se fixo este ano, os concellos que resulten beneficiarios terán a opción de solicitar o cobro dun anticipo de ata o 70% da axuda. Esta medida facilitará o inicio e a execución das actuacións por parte dos municipios xa que no propio momento da resolución da axuda lles será aprobado o anticipo.

Ademais, en 2024 os particulares poderán volver xestionar as súas solicitudes a través de entidades xurídicas como asesorías, xestorías ou asociacións veciñais, unha medida que busca facilitar ao máximo a tramitación e o acceso aos fondos consignados.

En canto aos tipos de intervención subvencionables, no caso da liña dirixida á cidadanía prevese a posibilidade de actuar sobre fachadas, cubertas e muros de peche e, como novidade, financiarase por primeira vez a retirada de elementos adxacentes aos bens nos que se vaia intervir cando estes prexudiquen a súa imaxe ou causen algún impacto. “Por exemplo galiñeiros ou muros a medio derrubar”, explicou o presidente.

Pola súa banda, as actuacións promovidas polos concellos poderán ser obras de índole menor que melloren o aspecto e conservación de elementos etnográficos como fontes, lavadoiros públicos, palcos de música e hórreos, ou ben incidir na renovación e remate exterior de fachadas, cubertas e muros de cerramento de edificios municipais.

Cómpre subliñar que a paisaxe é un elemento que contribúe a mellorar a calidade de vida e o benestar dos cidadáns xa que a contorna das persoas inflúe notablemente na súa actividade diaria; por iso resulta clave protexer a diversidade paisaxística de Galicia.

Neste sentido, o obxectivo final destas subvencións é promover unha cultura de dignificación do territorio no que a participación da sociedade resulta clave, fomentando o coidado da riqueza paisaxística e avanzando na aposta da Xunta polo *fermosismo*. Ademais, tamén se desenvolve un dos obxectivos previstos no Plan estratéxico da paisaxe galega 2021-2024: realizar accións concretas de protección, potenciación e mellora das paisaxes, así como formar, sensibilizar e educar na materia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE GALICIA SERÁ A PRIMEIRA REXIÓN DE EUROPA EN REGULAR POR LEI O USO DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL

- Informa de que o Consello autoriza a tramitación do Anteproxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia
- Resalta que o obxectivo "é garantir que os sistemas IA que se usan na comunidade son fiables e respectuosos cos dereitos fundamentais das persoas"
- Salienta que toda a IA utilizada na administración autonómica será avaliada por unha Comisión e que a cidadanía sería informada de cando se recorre a esta tecnoloxía para a toma de decisións
- A Xunta promoverá "o uso responsable" da IA entre o sector privado con "axudas económicas, incentivos fiscais" e facilitando codigos de conducta

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello autorizou o inicio da tramitación do Anteproxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial (IA), que converterá "Galicia na primeira rexión europea en regular por lei o uso" desta tecnoloxía. "O obxectivo é garantir que os sistemas de intelixencia artificial que se utilizan na comunidade son fiables e respectuosos cos dereitos fundamentais das persoas", resaltou.

A lei establecerá os principios éticos para o deseño, adquisición implementación e uso de sistemas de IA por parte da Administración baixo criterios de dilixencia, auditabilidade, explicabilidade, transparencia, imparcialidade, ausencia de nesgos, seguridade ou privacidade.

Entre os principios éticos reitores, destaca tamén o principio de reserva da humanidade e de revisión humana, principio de fiabilidade e de responsabilidade e o principio de avaliación de impacto nas persoas, na sociedade e no ambiente. Garantirá, así mesmo, os dereitos de liberdade, igualdade e reacción fronte ao deseño, adquisición, implementación e uso de sistemas de intelixencia artificial, así como o exercicio dos dereitos da cidadanía.

Coa tramitación desta lei, a Xunta avanza no seu compromiso de aprobar entre 2020 e 2024 a normativa necesaria para facilitar a incorporación de tecnoloxías dixitais de alto impacto, de acordo co obxectivo da Estratexia Galicia Dixital 2030 de especialización tecnolóxica e atracción de investimentos e talento dixital.

Ademais, tamén responde, así mesmo, á petición unánime do Parlamento de Galicia para impulsar as actuacións necesarias para que Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia adopten, como marco de actuación, o establecido polo Regulamento europeo de intelixencia artificial, previamente á súa entrada en vigor prevista para o ano 2024, así como o desenvolvemento da normativa necesaria para a aplicación da IA no sector público autonómico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tal e como explicou o presidente, un dos principais obxectivos da futura normativa é “garantir o uso eficaz, eficiente, ético e seguro da IA na administración autonómica”. Para iso, asegurou que os sistemas IA que se usen neste eido “estarán supervisados por unha Comisión” que vele porque o seu funcionamento “sexa axeitado desde o punto de vista económico, ético e xurídico”. Ademais haberá un rexistro sobre a tecnoloxía IA que utiliza a administración e “a cidadanía sempre estará informada” sobre o grao de participación da intelixencia artificial “nos actos administrativos e na toma de decisións”.

E, por outra banda, a Lei tamén busca “aproveitar a oportunidade que a IA supón para o tecido socioeconómico galego”. Para iso, Rueda explicou que vanse ofrecer “axudas económicas e incentivos fiscais” para “promover o uso responsable” desta tecnoloxía nas empresas e a Xunta facilitará ao sector privado “códigos de conducta ou ferramentas de autodiagnose” sobre o uso desta tecnoloxía.

A proposta que foi levada hoxe ao Consello para ser remitida ao Consello consultivo pretende recoller os aspectos normativos da lei en catro apartados (títulos) sobre gobernanza e planificación, identificación e avaliación, uso da IA polo sector público, e medidas para o impulso da IA en Galicia.

No título primeiro indícaríanse as competencias das persoas e dos distintos órganos de xestión pública, así como dos órganos de fiscalización e avaliación. Tamén regula as áreas de colaboración e inclúe aspectos relacionados coa planificación e a xestión. O título segundo abordaría cuestións como o procedemento e criterio para a identificación e avaliación de sistemas de intelixencia artificial, así como para a súa adquisición, desenvolvemento e implantación na Administración autonómica.

Pola súa banda, o título terceiro regularía o uso dos sistemas de IA por parte da Administración xeral e o sistema público autonómico de Galicia, así como aspectos relacionados cos códigos de conducta, guías ou ferramentas de autodiagnose ao servizo dos operadores privados. E o título cuarto abriría as portas a promover o uso da IA ética e fiable entre as empresas así como a colaboración entre administracións a través dos ecosistemas Gobtech.

A norma busca aumentar a confianza da cidadanía nesta tecnoloxía e garantir que os sistemas de IA sexan fiables e respectuosos cos dereitos fundamentais das persoas. Ademais, consolida Galicia como un lugar idóneo para o investimento empresarial no sector da intelixencia artificial.

Ao mesmo tempo, impulsará a implantación e uso de sistemas de intelixencia artificial seguros, eficientes e de calidade nas empresas galegas, en particular, nas pemes, promovendo a súa mellora competitiva.

A redacción da proposta estará coordinada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. A Axencia promoverá unha comisión de redacción da que formarán parte a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta, a Secretaría Xeral da Presidencia e a Consellería de Facenda e Administración Pública, por medio da súa Secretaría Xeral, da

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Intervención Xeral e da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa. Haberá tamén grupos de traballo nos cales participarán, entre outros, a Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Tamén serán tidas en conta as achegas de profesionais, entre eles os integrantes da Comisión de Expertos para o Asesoramento no Desenvolvemento e Uso Ético da IA de Galicia, recentemente constituída.

Está previsto que o texto poida ser remitido ao Parlamento para a súa tramitación no primeiro período de sesións de 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE OS INVESTIGADORES DA ADMINISTRACIÓN GALEGA CONTARÁN A PRINCIPIOS DE 2024 CUN NOVO MARCO LEXISLATIVO QUE MELLORARÁ AS SÚAS CONDICIÓN LABORAIS

- Destaca que Galicia se converterá na primeira Comunidade de España en regular a carreira profesional de todo o persoal de investigación que depende da Xunta dándolle “certeza” e “estabilidade”
- Salienta que estimulará a captación de fondos a través dun complemento retributivo non consolidable e tamén se establece un complemento de excelencia investigadora persoal e consolidable como resultado da avaliación positiva da súa actividade
- Tamén pon en valor a partida de 60 M€ que o Goberno galego destinará en 2024 para que as universidades galegas e os seus centros dependentes contraten investigadores

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que Galicia aprobará a principios do ano que vén o novo marco lexislativo que permitirá mellorar as condicións laborais de todo o persoal investigador ao servizo da Administración autonómica e dos seus organismos, “converténdose así na primeira Comunidade de España en regular esta carreira profesional”.

“Era unha reivindicación xusta e longamente demandada”, admitiu Rueda, quen considerou que con este novo decreto dáselle “certeza” ao persoal investigador da Administración autonómica, xa que se lle ofrece “estabilidade para que sigan desenvolvendo a súa profesión en Galicia e non se vaian a outros lugares”.

Deste xeito, tras aprobación hoxe no Consello da Xunta do texto deste decreto que regula a carreira investigadora na Administración galega, remitírselle ao Consello Consultivo para que este emita o seu ditame ao respecto e consecuentemente que poida entrar en vigor a principios de 2024.

Desta forma, desenvolve a Lei estatal da ciencia, tecnoloxía e a innovación, que establece a necesaria estabilización pero non crea unha carreira. Con este decreto, a Comunidade contará cun marco profesional transversal -que, pola súa vez, respecta as peculiaridades que cada sector poida presentar- e proporciona tanto estabilidade laboral ao persoal de investigación -mellorando e homoxeneizando as súas condicións- como a fixación da senda para a contratación do futuro.

Rueda puxo en valor que, con este novo decreto, Galicia aspira a reter e captar o talento investigador ofrecendo un marco laboral estable e atractivo que, ademais, permitirá reforzar a investigación e desenvolvemento de tecnoloxías que contribuirán a un crecemento baseado no coñecemento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O decreto nace do consenso e a participación de todos os colectivos afectados co obxectivo de recoller as características e singularidades de todos os centros e ámbitos sectoriais implicados e dar resposta ás súas principais demandas e contou, ademais, co apoio da maioría dos sindicatos presentes da Comisión de Persoal.

O presidente da Xunta explicou que, tras rematar as etapas pre o posdoutoral, regúlase o acceso ao sistema a través dun contrato laboral fixo, e créanse as categorías de investigador estable e investigador sénior. Tamén precisou que se crea un itinerario para o persoal técnico de investigación definindo outras dúas categorías: técnico superior de investigación e técnico de investigación sénior.

En canto ao réxime retributivo, Rueda avanzou que, ademais do salario base, establécese un complemento de excelencia investigadora persoal e consolidable como resultado da avaliación positiva da súa actividade; un complemento non consolidable vinculado á captación de fondos en convocatorias competitivas, así como o dereito do persoal de investigación a participar nos beneficios que obteñan as entidades para as cales prestan servizos como consecuencia da eventual explotación dos resultados da actividade.

Por outra banda, o presidente da Xunta salientou que a facilita a mobilidade do persoal fomentando a súa formación, a colaboración entre o tecido investigador e empresarial e o desenvolvemento de actividades empresariais por parte do persoal investigador. Así permítense estadias formativas, a adscrición temporal a axentes públicos ou privados dos sistemas galego e español de ciencia, tecnoloxía e innovación, así como excedencias temporais para a prestación de servizos a axentes públicos ou privados.

60 M€ en 2024 para que as universidades contraten investigadores

Rueda tamén puxo en valor a partida de 60 millóns de euros durante 2024 que o Goberno galego vai destinar a apoiar a contratación de investigadores que se faga desde as universidades galegas ou organismos dependentes das mesmas. Esta cantidade, segundo salientou, é un 50 % máis con respecto á que recibiron o ano pasado.

O presidente galego aclarou que con estes fondos sufráganse oito convocatorias distintas, da que o Consello da Xunta aprobou hoxe a primeira, que recolle 3,6 millóns de euros para a contratación por parte das universidades galegas, ou centros que dependen delas, de 23 investigadores posdoutorais. Rueda explicou que a principal novidade é que nesta edición se amplía a duración dos contratos ata os tres anos, cando ata o de agora eran dous.

O mandatario galego apuntou que o obxectivo é que poidan seguir desenvolvendo a súa carreira científica en Galicia e deste xeito favorecer o desenvolvemento dun sistema galego de investigación forte e especializado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 12,6M€ EN PRETO DE 80.000 ELEMENTOS DE NOVO MATERIAL PARA OS POLOS CREATIVOS

- O Consello autoriza o expediente de contratación para avanzar na expansión destes espazos a todos os centros de infantil, primaria e ESO sostidos con fondos públicos
- Dotaranse con elementos como impresoras e escáneres 3D, lentes de realidade virtual, cortadoras láser, lapis 3D ou kits de robótica e intelixencia artificial
- Ao remate do despregamento, serán máis de 1.200 centros de toda Galicia os que contén con estes recursos, cun investimento de máis de 19M€ do Goberno galego

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á licitación do expediente de contratación de preto de 80.000 elementos de novo material para os polos creativos. Serán máis de 12,6M€ os que o Goberno galego destine a adquirir este equipamento robótico e de programación, que permitirá avanzar na expansión destes espazos por colexios e institutos de toda a xeografía galega.

Os polos creativos son espazos educativos innovadores, postos en marcha o pasado curso e dotados de equipamento especializado, para fomentar as competencias STEM e as vocacións científico-matemáticas entre os máis novos. Neles trabállase a creatividade a través da superación de retos tecnolóxicos e dixitais, a resolución de problemas ou a construción de prototipos, entre outros. Toda a actividade se realiza de forma colaborativa, traballando en equipo, o que tamén fomenta a convivencia entre o alumnado.

O equipamento con que contan permite afondar en temáticas como a intelixencia artificial e outras tecnoloxías intensivas, o procesado audiovisual e artístico, a realidade virtual e a impresión 3D, as tecnoloxías de control computerizado e fabricación aditiva, o mecanizado de diferentes materiais, a electromecánica, a robótica e os microcontroladores, entre outras.

Licitación en 20 lotes

O novo expediente de contratación divídese en 20 lotes, cun importe total de 12.625.014,16€. A relación de 26.621 unidades de contratación inclúe impresoras e escáneres 3D, lentes de realidade virtual, cortadoras láser, lapis 3D, kits de e-téxtiles, xogos de construción e encaixe, tabletas para programación e control robótico, kits de electrónica, robótica e intelixencia artificial, equipos de robótica, programación, de apoio para prototipaxe, de microcontrol e de interacción, así como sistema de gravación de audio e de iluminación, entre outros.

No curso 2022/23 funcionaron un total de 225 polos creativos en centros de ensino galegos. O éxito da experiencia levou á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a tomar a decisión de instalar estes recursos en todos os centros de infantil, primaria e ESO sostidos con fondos públicos. Ao remate do despregamento, serán máis de 1.200 centros de toda Galicia os que contén con estes recursos, cun investimento de máis de 19M€ do Goberno galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rede con 35 docentes mentores

De xeito complementario, e poñendo o acento na formación do profesorado que atende os polos, a Xunta acaba de poñer en marcha a nova Rede de asesoría de polos creativos, conformada por 35 docentes que desde os centros de formación e recursos do profesorado realiza labores de *mentoring*. Trátase de docentes cun perfil técnico con experiencia previa na xestión destes espazos, pero tamén con coñecementos pedagóxicos e tecnolóxicos especializados que ofrece apoio para tirar o máximo rendemento ás capacidades dos polos creativos.

Ademais, publicáronse unhas instrucións para o desenvolvementos dos polos creativos, a través das que se guía aos centros para a súa posta en funcionamento, organización e funcións. Así mesmo, establécese a vontade da Xunta de abrir estes espazos ao conxunto da comunidade educativa e da contorna, de tal forma que funcionen como núcleos dinamizadores deste ensino de vangarda promovendo actividades que traspasen as paredes dos centros educativos, mesmo implicando a veciñanza.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA O CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR A GRATUIDADE DA SÚA ESCOLA INFANTIL

O importe do acordo é de 225.000 euros e ten como novidade que o centro se abre a todas as familias

O Consello da Xunta autorizou hoxe a renovación do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para financiar a gratuidade da atención educativa para todos os nenos e nenas de 0 a 3 anos da escola infantil Breogán neste curso 2023/24. O importe deste acordo é de 225.000 euros e, por primeira vez este curso, o centro ábrese a todas as familias en xeral e deixa de ser un servizo limitado ás familias que tiveron ou teñen relación laboral coa USC.

Este é un centro de seis unidades e 79 prazas autorizadas, situado no campus universitario da capital galega. Con este acordo e ao igual que no resto das escolas infantís da nosa comunidade –sexan públicas de iniciativa social ou privadas– a gratuidade aplicarase oito horas diarias e once meses ao ano.

A Xunta foi pioneira na implantación da gratuidade na etapa educativa de 0 a 3 anos no ano 2020, que nun principio afectou os segundos fillos e sucesivos e que desde o curso pasado beneficia o 100 % do alumnado. Máis de 31.000 familias galegas poden beneficiarse desta medida na que a Xunta inviste 55 millóns de euros de fondos propios autonómicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE AO ACORDO PARA MELLORAR AS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL DOS CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS DE XESTIÓN PROPIA

- O texto conta co voto favorable de todos os sindicatos que forman parte da mesa de negociación: CIG, CC.OO., CSIF e UXT
- Beneficiará uns 4.000 profesionais que verán incrementadas as súas retribucións e tempo de descanso
- Convértense a xornada completa 145 postos de traballo que ata agora eran a tempo parcial

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao acordo acadado o pasado mes de agosto coas organizacións sindicais para mellorar as condicións de traballo do persoal dos centros de servizos sociais de xestión propia da Consellería de Política Social e Xuventude. Arredor de 4.000 profesionais destes centros beneficiaranse deste entendemento, xa que prevé o incremento tanto das súas retribucións como do tempo de descanso

O documento é o resultado do diálogo mantido cos representantes dos traballadores pola Dirección Xeral de Función Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública e a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Xuventude. Ademais, conta co voto favorable de todos os sindicatos que forman parte da mesa de negociación: CIG, CC.OO., CSIF e UXT.

O acordo permitirá unha reorganización máis axeitada da prestación dos servizos, en beneficio tanto do persoal como das persoas usuarias dos centros. Así, entre as melloras que este recolle destaca o establecemento de quendas máis homoxéneas e equilibradas entre o tempo de traballo e o necesario descanso; así como máis compensacións económicas e días adicionais de descanso polo traballo en domingos e festivos, que se aboarán xa na nómina de decembro con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro deste ano 2023. Estas compensacións económicas serán de maior contía no caso de traballar nos festivos designados como especiais, tales como Noiteboa, Nadal, Noitevella, Aninovo e o día de Reis.

Redución de xornada

Ademais, o texto prevé unha redución de tres horas de xornada por cada noite traballada e a conversión a xornada completa de 145 postos de traballo que ata agora eran a tempo parcial.

Unha vez que xa ten a aprobación do Consello, o texto publicarase en vindeiras datas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) para a súa entrada en vigor. Terá vixencia ata o 31 de decembro do ano 2026, coa posibilidade de prorrogarse anualmente se así o queren as partes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SERGAS RENOVA A ROUPA DE CAMA E DE PACIENTES DOS CENTROS SANITARIOS POR PRETO DE 2,5 MILLÓNS DE EUROS

- O Consello da Xunta autoriza o contrato que servirá para dotar e repoñer a lenzaría das sete áreas sanitarias durante dous anos
- Entre as novidades da subministración está o cambio de composición das mantas para adultos e bebés, con maior lixeireza e facilidade de limpeza

O Consello da Xunta autorizou este xoves a subministración sucesiva e por prezo unitario de roupa de cama e de doentes para os centros dependentes das áreas sanitarias do Sergas cun investimento de 2.436.603 euros en dous anos.

Co contrato centralizado que sairá a licitación, o Servizo Galego de Saúde poderá dotar as sete áreas de lenzaría que, desde o punto de vista epidemiolóxico, cumpra coa necesidade de propiciar unha boa hixiene para contribuír á saúde e evitar a transmisión de enfermidades. No caso de pixamas e camisóns de pacientes, que deben reunir determinadas características que os fagan operativos á hora de que o persoal sanitario poda aplicar técnicas diagnósticas e terapéuticas como a saída de drenaxes ou catéteres. O prezo unitario do Sergas en 2023 dun pixama de adulto é de 2,73 euros a chaqueta e 2,42 euros o pantalón. No caso dos camisóns, o custo é de 2,79 no caso de ser abotoado e 2,67 euros, con cintas.

O novo contrato prevé un incremento global de 154.718 euros con respecto ao gasto anterior. Este aumento está motivado pola obriga da empresa adxudicataria de tratamento dos produtos subministrados, segundo a Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, e pola modificación das prescricións técnicas das mantas do Servizo Galego de Saúde. Así, as mantas pasarán de ter unha composición de algodón e poliéster a ser de microfibra polas súas especiais condicións de lixeireza, funcionalidade e facilidade de limpeza. O prezo dunha manta de berce é de 7,95 euros e dunha cama de adulto, de 14,95 euros.

Unha vez valoradas as ofertas e adxudicado o contrato, estímase que se inicie o 1 de abril de 2024 para os próximos dous anos, con posibilidade de ata tres anos de prórrogas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A ESTRATEXIA GALEGA DE SAÚDE 2030 PARA POTENCIAR UNHA SANIDADE PÚBLICA PERSONALIZADA, DE PRECISIÓN E PROACTIVA

- O texto presentado polo Goberno galego foi enriquecido con achegas de asociacións de pacientes, colexios profesionais e particulares
- A Xunta aproba por primeira vez unha planificación conxunta das prioridades en saúde pública, asistencia sanitaria e investigación sanitaria, froito da necesidade aprendida na pandemia de maior integración entre estas políticas
- A Estratexia prioriza liñas como a xeneralización do diagnóstico xenético, a atención domiciliaria ou as actividades de promoción de estilos de vida saudables
- O documento conta co informe favorable da Secretaría Xeral de Igualdade e pretende mellorar a abordaxe da saúde das mulleres avanzando na aplicación da perspectiva de xénero

O Consello da Xunta aprobou de forma definitiva a Estratexia Galega de Saúde 2030, o documento estratéxico plurianual que fixa as prioridades e os obxectivos comúns para os eidos da saúde pública, prevención de riscos sanitarios e promoción da saúde; da prestación de asistencia sanitaria e da docencia, formación, investigación e innovación sanitarias. A aprobación desta planificación integrada é un mandato derivado da reforma da Lei de Saúde de Galicia que o Parlamento de Galicia aprobou trala fase aguda da pandemia da covid, considerando que unha das principais leccións da mesma era a necesidade dunha maior integración dos distintos aspectos da política sanitaria.

O texto aprobado esta mañá incorpora achegas de asociacións de pacientes, colexios profesionais e particulares, ademais de recomendacións da Secretaría Xeral de Igualdade. A estratexia incorpora a perspectiva de xénero na súa diagnose e nas súas medidas de futuro, priorizando a abordaxe dos problemas de saúde nos que existen desigualdades entre mulleres e homes e reforzando as políticas activas de igualdade para o persoal sanitario.

No marco do proceso participativo ao que se someteu o proxecto de Estratexia, o documento foi presentado ao Consello Galego de Saúde, ao Consello Asesor do Sistema Público de Saúde de Galicia e ao Consello Asesor de Pacientes de Galicia.

Así, esta estratexia define 5 dimensións estratéxicas, 20 programas e ata 100 liñas de actuación destinadas a afrontar os retos de futuro da nosa sanidade e que se se centran en:

- Adoptar un enfoque máis proactivo, incrementando a actividade que se realiza sen agardar á aparición dun problema de saúde: desde a vixilancia epidemiolóxica ata as accións de prevención como a vacinación, os cribados ou as actuacións de saúde

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

comunitaria e dos Plans Locais de Saúde para favorecer estilos de vida saudables, mellorar o estado xeral de saúde e previr a aparición das enfermidades.

- Avanzar cara unha atención máis integrada e personalizada, adaptada á situación de Galicia de elevada presenza de pacientes crónicos e complexos. Avance na conexión entre os niveis asistenciais e o sociosanitario, posta en marcha de procesos asistenciais integrados, unidades multidisciplinares, reforzo da capilaridade territorial no rural, atención domiciliaria, monitorización a distancia e ampliación dos mecanismos de comunicación do paciente co sistema; así como nas tecnoloxías que faciliten a medicina de precisión e os tratamentos adaptados a cada paciente.

- Diseñar mecanismos de integración da innovación. O eido sanitario está a experimentar avances disruptivos que supoñen cambios radicais en curtos períodos de tempo e o sistema debe de ter ferramentas para incorporalos con axilidade, o que supón traballar nunha maior conexión entre a atención sanitaria e o ecosistema de I+D+i sanitario, na posta en marcha dunha oitava área sanitaria para o apoio tecnolóxico a distancia das sete áreas físicas, no desenvolvemento de mecanismos de compra pública innovadora para incorporar novos sistemas ou tecnoloxías; na xeneralización do diagnóstico xenético ou na integración de ferramentas de transformación dixital na relación cos usuarios e no apoio aos profesionais coa intelixencia artificial ou o big data.

- Incrementar a transparencia dos resultados do sistema sanitario. Proponse reforzar a capacidade de análise do Sergas cun departamento de información e análise dos resultados en saúde e potenciando os mecanismos de medición da experiencia dos pacientes; que permitan diseñar sistemas de indicadores baseados nos resultados en saúde e desenvolver mecanismos de avaliación máis completos como acordos de xestión plurianuais coas áreas sanitarias ou modelos de avaliación do desempeño para os profesionais; así como instrumentos de transparencia cara á cidadanía con información de calidade sobre actividade e desempeño dos recursos do sistema e sobre os datos de saúde da poboación galega.

- Dar maior transversalidade á saúde nas políticas públicas máis alá da consellería de Sanidade. Crearase unha Comisión Interdepartamental de Saúde para coordinar o impacto en saúde das distintas políticas da Xunta en materias como educación, economía ou transporte e reforzarse o enfoque de "Unha soa saúde" para dar coherencia ás políticas ambientais, de sanidade animal e de saúde pública.

A estratexia tamén contempla o impacto do cambio climático na saúde e inclúe actuacións de sostibilidade aliñadas coa recente Estratexia de Economía Circular.

Trala súa aprobación definitiva polo Consello da Xunta, a Estratexia galega de saúde 2030 será remitida ao Parlamento de Galicia, onde será presentada aos grupos políticos polo conselleiro de Sanidade nunha comparecencia específica, e publicada, co seu texto definitivo, no Portal de transparencia e Goberno aberto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con este documento estratéxico, a Xunta establece o modelo no que se deberá basear a planificación política sanitaria no marco temporal dos próximos sete anos, tendo en conta a complexidade do contexto actual e as dificultades na planificación derivadas da presión asistencial e as novas necesidades dun perfil diferencial de doente e cidadán.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ ATA 2025 UN INVESTIMENTO DE 5,4M€ AMPLIABLES PARA GARANTIR AS AXUDAS MENSUAIS DE ATA 800 EUROS ÁS VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- A comunidade segue a ser referente por contar cun apoio periódico para estas mulleres, cun orzamento ampliable e que se pode solicitar durante todo o ano
- As achegas van dos 200 aos 800 euros mensuais en función do ingresos, menores a cargo e condicións de discapacidade
- Este apoio está á disposición tamén das mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual e para as que perderon os seus fillos ou fillas a mans do agresor
- O Goberno galego renovará tamén o convenio ata 2025 coa Federación de Taxis (Fegataxi) para garantir os traslados seguros das vítimas da violencia de xénero

A Xunta manterá durante os dous próximos anos (2024 e 2025) os apoios económicos de carácter mensual que concede ás vítimas da violencia de xénero coa finalidade de axudalas a gañar independencia dos seus agresores.

O Consello aprobou hoxe unha consignación de 5,4 millóns de euros de fondos autonómicos -cifra ampliable en función das necesidades- para facer fronte durante o próximo bienio a estas achegas que van dos 200 aos 800 euros mensuais.

Galicia segue a ser unha comunidade referente por ofrecer estes apoios ás vítimas da violencia de xénero, que a Xunta de Galicia considera fundamentais para acompañar estas mulleres cara á súa recuperación e o inicio dunha vida sen violencia.

As axudas convocaranse en xaneiro, aínda que poden solicitarse en calquera momento do ano. De ser necesario, ademais, o Goberno galego pode ampliar o seu orzamento.

Son potenciais beneficiarias destes apoios as vítimas de violencia de xénero que racharon a convivencia co agresor no último ano, as vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e as vítimas de violencia vicaria. A convocatoria diríxese a mulleres maiores de idade, deben estar empadroadas e ter residencia efectiva na Comunidade -ou permiso de residencia, no caso das estranxeiras- e que acrediten ingresos mensuais iguais ou inferiores ao dobre do IPREM vixente e non ter percibido esta axuda con anterioridade.

A axuda consiste nun pagamento mensual directo para a beneficiaria que se concede por un máximo de 12 mensualidades. Esta cantidade pode oscilar entre os 200 euros e os 800, contía baremable en función dos ingresos da perceptora, das fillas ou fillos menores (ou menores en acollida) que teña ao seu cargo e doutras circunstancias como as condicións de discapacidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre 2009 e 2023 o Goberno autonómico destinou case 50 millóns de euros para o mantemento destes pagamentos mensuais, triplicando a contía dedicada a este fin (pasouse de 1,4 millóns do programa 2009-2010 aos 5,4 millóns da convocatoria 2024-2025). O número de beneficiarias case acada as 6.500 nestes catorce anos.

As axudas periódicas constitúen unha das ferramentas principais con que a Xunta de Galicia apoia as vítimas da violencia de xénero, que contan ademais con outras tres liñas de apoio complementarias como as de pagamento único, dirixidas ás mulleres con dificultades na busca de emprego; as de indemnización, que garanten que perciban as contías que lles corresponden por resolución xudicial, e as destinadas de xeito específico a mulleres gravemente feridas, orfos/as e a vítimas da violencia vicaria.

Traslados seguros en taxi

O Consello da Xunta deu o visto e praxe, por outra banda, á continuidade do convenio que se subscribirá coa Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (Fegataxi), para garantir a seguridade nos traslados das vítimas de violencia de xénero aos recursos de acollimento e a outros lugares onde teñen que achegarse para exercer a súa defensa, atención, tratamento, recuperación e restablecemento.

A Administración autonómica destinará a este fin 85.000 euros entre as anualidades 2023 (5.000 euros), 2024 (40.000 euros) e 2025 (40.000 euros), coa previsión de que máis de 150 mulleres vítimas e as súas fillas ou fillos menores poidan beneficiarse deste servizo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CUALIFICARÁ MÁIS DE 20.700 PERSOAS OCUPADAS GRAZAS AO PLAN DE FORMACIÓN DIRIXIDO A ESTE COLECTIVO QUE AMPLÍA O SEU ORZAMENTO ATA OS 9,5M€

- O Consello sacou adiante a ampliación do investimento desta orde coa cal a Xunta quere mellorar a formación dos profesionais en especialidades con maior demanda
- A orde incrementará o seu orzamento en case un 41 % respecto da precedente
- A Xunta considera colectivos prioritarios destinatarios dos cursos as mulleres, vítimas da violencia de xénero e a persoas traballadoras menores de 30 anos ou maiores de 45, con empregos a tempo parcial ou afectados por ERTE
- O Plan galego de formación para o emprego 2024 estará dotado con máis de 117M€, un 12,9 % máis que no exercicio anterior

A Xunta destinará no período 2023-2024 un total de 9,5 millóns de euros á formación de máis de 20.700 persoas ocupadas a través de centros e entidades de formación profesional acreditada co obxectivo de dar resposta ás demandas de cualificación e atender, así, as necesidades non cubertas do mercado laboral.

O Consello do Goberno galego deu o visto e praxe á ampliación do orzamento da convocatoria, que pasa dos 5,5 millóns de euros aos case 9,5, mais do 41 % por enriba do orzado na anterior edición. Esta ampliación permitirá incrementar o número de accións formativas que se van desenvolver, 136 máis, o que supón que 4.887 persoas traballadoras máis poderán optar a esta cualificación ata chegar ás 20.700.

Como novidades na presente convocatoria -dirixida a entidades titulares de centros ou entidades de formación- priorízase a oferta en especialidades formativas con maior demanda, a diversificación territorial do alumnado e a variedade dos cursos.

Prevese por primeira vez a posibilidade de que o alumnado simultanee dúas formacións e a Xunta de Galicia porá á disposición o campus virtual de formación para o emprego de balde para as entidades que opten pola modalidade presencial en aula virtual.

O plan formativo está dirixido prioritariamente a persoas ocupadas, situación laboral que se determinará no comezo da formación. Cando unha alumna ou alumno pase a situación de desemprego durante a celebración do curso, poderá seguir a participar nel.

Poderán beneficiarse das accións persoas traballadoras ou socias das empresas da economía social que acheguen actividade económica, tamén autónomas e autónomos e mesmo persoal afectado por medidas temporais de suspensión de contrato (como ERTE), ou dun expediente de regulación de emprego (ERE), motivadas por causas económicas, técnicas, organizativas, de produción ou de forza maior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta permite, non obstante, que poidan participar nas referidas accións tamén persoas traballadoras desempregadas, até un límite do 30 % do número de participantes.

A Xunta inclúe nesta orde como colectivos prioritarios para recibir formación: mulleres, vítimas de violencia de xénero, menores de 30 anos ou maiores de 45, persoas traballadoras a tempo parcial, emigrantes retornados e persoas inmersas en ERTE. Como en anteriores edicións mantense o apoio ás actividades formativas con participación do 100 % do alumnado con discapacidade.

No caso de se desenvolver soamente en 2023, as accións formativas deberán rematar como data límite o 20 de decembro dese ano. Para as que abrangan as dúas anualidades (2023 e 2024) ou teñan lugar soamente en 2024, deberán finalizar antes do 30 de setembro de 2024.

A formación para o emprego axustada ás necesidades do mercado é unha prioridade para a Xunta de Galicia que, de cara a 2024, incrementará a dotación do Plan galego de formación para o emprego ata superar os 117 millóns de euros, un 12,9 % máis que no exercicio anterior, para continuar a impulsar unha formación dual e flexible, axustada á realidade do tecido produtivo galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 5,2 M€ Á SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE ARRENDAMENTO DE 122 NOVOS VEHÍCULOS TODOTERREO PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

- O contrato de *renting* destes 122 todoterreo recolle unha posible prórroga ata 2029, e irá destinado a axentes ambientais e distritos forestais
- Con este novo contrato, a renovación do parque móbil da Consellería do Medio Rural alcanza os 707 vehículos no período 2021-2027, cun investimento de 24 millóns

O Consello da Xunta autorizou hoxe o inicio da contratación, por importe de case 5,2 millóns de euros, da subministración mediante arrendamento, na modalidade de *renting*, de 122 vehículos tipo todoterreo para o Servizo de Prevención contra os Incendios Forestais (SPIF).

O contrato distribúese en dous lotes. Por un lado, abrangue 88 vehículos todoterreo 4x4 e por outro de 34 vehículos todoterreo sen redutora. A duración do arrendamento será de 36 meses, contados desde a data da sinatura da acta de entrega dos vehículos e prolongarase ao longo dos anos 2024, 2025, 2026 e 2027. O contrato contemplará tamén unha posible prórroga en 2028 e 2029.

Estes vehículos, que se entregarán en 2024, destinaranse para o persoal do SPIF -en concreto, serán empregados por axentes ambientais e nos distritos forestais-, co obxectivo de que poidan desenvolver con eficacia as funcións que teñen atribuídas ao mesmo tempo que se mellora a seguridade do propio persoal con esta dotación.

Este arrendamento de 122 vehículos estará cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027, cun 80 % do gasto. O 14 % será achegado pola Xunta de Galicia e o 6 % restante polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Renovación de 700 novos vehículos entre 2021 e 2024

A mellora do parque móbil dos traballadores da Xunta de Galicia, para reforzar a eficacia do seu labor e o servizo prestado aos galegos, é unha prioridade. Polo que respecta á Consellería do Medio Rural, a suma de investimentos desde 2021 -contando co comprometido para 2024-, alcanza os 24 millóns de euros, destinados á compra ou arrendamento dun total de 707 vehículos.

Deles, 427 entregáronse a diferentes servizos nestes últimos tres anos, aos que hai que sumar outros 280 todoterreos, que serán entregados en 2024. Nesta cifra está incluído o contrato de licitación aprobado hoxe para o arrendamento destes 122 novos vehículos, ademais do contrato para o alugamento de 158 todoterreos referendado no Consello da Xunta do pasado xoves -e que, nese caso, irán destinados ás brigadas do SPIF e á Unidade de Directores de Extinción (UDEX)-.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Como antecedentes desta iniciativa, cómpre sinalar que en xullo pasado entregáronse 33 vehículos todoterreo a axentes ambientais da Consellería do Medio Rural, para seren empregados na prevención e extinción de incendios, así como na xestión forestal sustentable. Estes vehículos están financiados ao cen por cento con fondos REACT-UE, habilitados pola Unión Europea como resposta á pandemia e enmárcanse no programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

Esta entrega sumábase tamén ás realizadas en novembro de 2022 e xaneiro deste mesmo ano, nas cales se distribuíron 117 vehículos. Tamén se suma á correspondente subministración mediante arrendamento de 137 vehículos todoterreo tipo pick-up para as brigadas forestais nos últimos anos.

Investimentos para o 2024

A aposta por unha mellor dotación para o persoal materialízase novamente nos orzamentos do 2024, ano en que se renovarán e ampliarán estas actuacións coa adquisición de novos modelos de vehículos motobombas lixeiros por valor de 4 millóns de euros. A este respecto, cómpre destacar que na última década renováronse 125 vehículos motobomba, o que supón un 80 % dos que conta o dispositivo.

No vindeiro ano, tamén se renovarán e ampliarán os contratos de servizos de medios aéreos de extinción, incrementando o seu orzamento ata acadar os 13,95 millóns de euros. Investiranse, así mesmo, outros 2,8 millóns de euros en equipos de protección individual (EPI) de extinción e na adquisición de autorrescatadores. Ademais, seguirase a apostar pola uniformidade do SPIF por medio de novos equipamentos, como bolsas de transporte de equipos e sopradores portátiles de batería.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA O LABOR DAS AGRUPACIÓNS DE DEFENSA SANITARIA GANDEIRAS DESTINANDO 2,28 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS PARA O ANO 2024, UN 6 % MÁIS QUE NA CONVOCATORIA ANTERIOR

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para convocar estas achegas, que subvencionarán os programas de planificación zoonosanitaria que se desenvolvan entre o 1 de marzo de 2024 e o 28 de febreiro de 2025
- Estas entidades desenvolven os programas de prevención e control de determinadas enfermidades animais, que melloran as condicións hixiénicas e de benestar animal das explotacións e contribúen a manter o bo estado sanitario da cabana galega

A Xunta destinará 2.280.000 euros o vindeiro ano ás axudas para as agrupacións de defensa sanitaria gandeiras (ADSG), 130.000 euros máis que nas últimas convocatorias, o que supón un aumento no orzamento de preto dun 6 %. A achega destes fondos servirá para financiar o traballo que realizan estas entidades para desenvolver os programas facultativos de prevención e control de enfermidades animais, así como na súa participación na rede galega de epidemiovixilancia de enfermidades animais.

O Consello do Goberno galego autorizou na súa xuntanza de hoxe a Consellería do Medio Rural para convocar estas axudas, que saíran proximamente no *Diario Oficial de Galicia* e se concederán sen necesidade de que os beneficiarios presenten avais bancarios polos anticipos que poidan solicitar. Os programas de planificación zoonosanitaria que se subvencionarán coa vindeira orde de axudas recolle aqueles que se desenvolvan entre o 1 de marzo de 2024 e o 28 de febreiro de 2025. Estes programas reforzan as condicións hixiénicas das explotacións e de benestar animal, elevan o seu nivel produtivo e sanitario e contribúen a acadar un mellor status sanitario para a cabana gandeira galega.

Obxectivos destas achegas

A finalidade última destas axudas é seguir mellorando o estado sanitario das explotacións gandeiras galegas mediante a execución de programas zoonosanitarios comúns para a prevención e control de enfermidades dos animais. Ademais, no marco do mercado actual, resulta fundamental manter o devandito estado sanitario, desenvolvendo programas destinados ao control de determinadas doenzas, mellorando a rendibilidade e asegurando a comercialización de animais e dos produtos de orixe animal.

Así mesmo, cabe destacar que estas agrupacións tamén facilitan o cumprimento da normativa vixente referente á identificación, ao benestar e á sanidade animal. Mediante estas achegas, preténdese avanzar na integración de gandeiros nestas entidades, establecendo axudas proporcionais ao esforzo económico que realizan estas agrupacións nos devanditos programas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A maiores, no contexto do mantemento do nivel da sanidade animal, resulta determinante consolidar esta estrutura asociativa das ADSG, vinculada aos propios gandeiros. Así, entre as enfermidades con programa sanitario nas agrupacións atópanse a rinostraqueíte infecciosa bovina (IBR), a diarrea vírica bovina (BVD) ou a paratuberculose no gando bovino, ovino e cabrún. Tamén están incluídas a enfermidade de Aujeszky, no gando porcino; a salmonelose, nas explotacións aviares, ou a mixomatose e a enfermidade vírica hemorráxica, nos coellos.

Ademais, as ADSG poden executar as medidas adicionais en materia sanitaria que sexan necesarias nas explotacións a elas adheridas, segundo as condicións sanitarias da zona e as características particulares de cada agrupación, polo que poden colaborar na vixilancia de enfermidades como a lingua azul ou a enfermidade hemorráxica epizoótica ou na vacinación de lingua azul.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 750.000 EUROS PARA AXUDAS NO CONTROL DO RENDEMENTO LEITEIRO EN 2024

- O control leiteiro permite unha maior eficiencia produtiva do sector lácteo e favorece a súa sustentabilidade
- As entidades beneficiarias desta liña de axudas non terán que constituír garantías para poder recibilas, atendendo ao actual contexto inflacionario
- As actividades subvencionables serán actuacións destinadas a comprobar sistematicamente as producións leiteiras, ademais das destinadas á determinación do valor xenético ou os méritos dos animais, no marco dun programa de cría oficial

A Xunta de Galicia destinará 750.0000 en 2024 ás axudas para o control do rendemento leiteiro, unha ferramenta fundamental ao permitir reforzar a eficiencia produtiva do sector e a súa sustentabilidade e que se enmarca dentro da colaboración do goberno autonómico co sector lácteo.

Estas axudas van destinadas ás entidades oficialmente recoñecidas pola Comunidade Autónoma galega para o control do rendemento leiteiro, figuras chave dentro deste sistema. Neste sentido, e atendendo ao actual contexto inflacionario, o acordo aprobado hoxe polo Consello da Xunta autoriza a eximir as entidades beneficiaras de presentar garantías á hora dunha posible concesión de pagamentos anticipados.

Esta liña de axudas para o control de rendemento leiteiro pretende compensar en parte, mediante achegas proporcionais, os gastos xerados ás entidades oficialmente recoñecidas para a realización do control leiteiro en Galicia, en atención aos importantes beneficios que o sector no seu conxunto recibe pola implantación xeneralizada deste sistema.

As actividades subvencionables que realizarán as entidades beneficiarias serán todas aquelas actuacións destinadas a comprobar sistematicamente as producións e outras aptitudes funcionais das femias reprodutoras leiteiras, para a determinación do valor xenético e os méritos ou outras capacidades dos animais, no marco dun programa de cría aprobado oficialmente para a raza.

Estas axudas dan continuidade aos convenios de colaboración levados a cabo entre o goberno galego e as asociacións de control leiteiro desde o 2016, polo que desde entón lévanse dotado máis de 5,5 millóns de euros para a realización de probas para determinar o rendemento leiteiro do gando vacún dentro do Programa galego de selección e mellora da raza frisoa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ EN 2024 SEIS MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE CAMIÑOS EN ZONAS DE CONCENTRACIÓN OU REESTRUTURACIÓN PARCELARIA

- Estas axudas, que se convocan por primeira vez, buscan acondicionar as vías de acceso rurais naquelas zonas de concentración ou reestruturación parcelaria xa rematadas
- A contía máxima da subvención será de ata 200.000 euros
- Poderán ser beneficiarios os concellos que teñan dentro dos seus límites zonas de reestruturación ou concentración parcelaria rematadas, que conteñan un mínimo de 10 quilómetros de camiños nelas e cunha porcentaxe do uso da terra superior ao 39 %

O Consello da Xunta aprobou a autorización para a concesión directa, mediante resolución, da primeira convocatoria das axudas correspondentes ao Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria, que se convocan para o 2024 cun orzamento total de 6 millóns de euros. Estas achegas estarán financiadas nun 75 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, nun 17,5 % pola Xunta de Galicia e o 7,5 % restante polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e tramitaranse en réxime de concesión directa.

Estas axudas buscan acondicionar as vías de acceso rurais naquelas zonas de concentración ou reestruturación parcelaria que xa estean rematadas -aquelas en que se teña acadado a firmeza do acordo-.

A contía máxima da subvención que se percibirá será de ata un máximo de 200.000 euros -cun módulo mínimo da achega de 125.000 euros por concello beneficiario e cun termo variable, resultante da suma do valor normalizado da lonxitude de pistas en concentración parcelaria e da superficie da concentración, de ata 75.000 euros-, e terá unha intensidade do 100 % dos gastos subvencionables.

Estas axudas nacen para mellorar as infraestruturas rurais incluídas en zonas de concentración ou reestruturación parcelaria, tendo en conta a importancia destas vías para a cohesión social e territorial, ademais de favorecer a competitividade agraria e forestal.

Serán subvencionables as actuacións de ampliación para o incremento da largura, que supoña a mellora da seguranza viaria ou permita o cruzamento de vehículos en zonas curvas, de baixa visibilidade ou entroncamentos, ou o incremento da lonxitude, sempre e cando se faga co fin de rematar o camiño nunha estrada ou noutro camiño. Así mesmo, subvencionaranse as actuacións de mellora encamiñadas a un reforzo do firme existente -coa incorporación de novas capas máis axeitadas ás características do tráfico rodado que soportan- ademais das obras de mellora de drenaxe, da seguranza viaria, reforzo de noiros ou de mellora da sinalización, entre outros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Requisitos para os concellos

Poderán beneficiarse destas achegas todos aqueles concellos que teñan dentro dos seus límites zonas de reestruturación ou concentración parcelaria rematadas, que conteñan un mínimo de 10 quilómetros de camiños nelas e cunha porcentaxe do uso da terra superior ao 39%.

Cómpre destacar que as subvencións concedidas ao abeiro deste plan serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos destinados á mesma finalidade, tanto de orixe pública como privada, sempre que a intensidade máxima das axudas con fondos públicos non exceda o 100% do importe elixible do proxecto.

Cada concello poderá presentar ata un máximo de tres proxectos, dos cales, cada un deles poderá comprender un máximo de tres actuacións. Para estes efectos, enténdese por actuación a intervención sobre un mesmo camiño, ou ben sobre varios, sempre e cando, neste último caso, as obras proxectadas teñan unha continuidade física.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOSTA POLA CREACIÓN DE NOVAS STARTUPS EN GALICIA CUBRINDO A TOTALIDADE DOS GASTOS DE LANZAMENTO E CONSOLIDACIÓN ATA UN MÁXIMO DE 20.000 EUROS

- A Consellería de Economía, Industria e Innovación activa a primeira liña específica de apoio ás startups galegas que suma 1,5 M€ para promover proxectos de emprendedores innovadores
- A orde publicarase no DOG o 1 de decembro e o prazo de presentación de solicitudes abre o 2 de xaneiro para así facilitar aos beneficiarios a preparación dos proxectos ao tratarse dun programa novo
- Serán subvencionables os gastos ou investimentos en que incorra a startup desde o 1 de xaneiro de 2024 ata a data da solicitude de axuda

O Goberno galego, a través da Consellería de Economía, Industria e Innovación, segue a dar os pasos necesarios para reforzar un ecosistema que conxugue emprendemento e innovación, capaz de actuar como motor da modernización e diversificación da economía de Galicia. Neste sentido, o Consello da Xunta coñeceu hoxe dunha innovadora liña de actuación que fortalece a aposta pola creación de startups na Comunidade cubrindo a totalidade dos gastos de lanzamento.

Trátase do primeiro programa específico de apoio a startups galegas. Unha liña para a que a Consellería destina 1,5 M€ co obxectivo de impulsar proxectos de emprendedores innovadores. Para isto, os beneficiarios obterán o 100 % dos gastos que xustifiquen para a posta en marcha ou o afianzamento das startups, cun máximo de 20.000 euros por iniciativa.

A orde publicarase no DOG do 1 de decembro e o prazo de presentación de solicitudes abre o 2 de xaneiro para así facilitar aos beneficiarios a preparación dos proxectos ao tratarse dun programa novo. Serán subvencionables os gastos ou investimentos en que incorra a startup desde o 1 de xaneiro de 2024 ata a data da solicitude de axuda.

O importe dos apoios oscilará entre os 10.000 e os 20.000 euros, permanecendo aberto o prazo de presentación de solicitudes ata o vindeiro 30 de setembro de 2024. A adjudicación será por concorrencia non competitiva, atendéndose así á orde de chegada.

Desta forma, o Goberno galego, a través da Consellería de Economía, Industria e Innovación, redobra a súa aposta por potenciar o ecosistema de startups galego, na procura de favorecer o emprendemento innovador e de fomentar a creación de riqueza e xeración de emprego.

Un esforzo no que xa se éen traballando desde hai tempo con distintas actuacións entre as que destaca o amplo abano de aceleradoras activadas pola Xunta nos últimos anos e que inclúe as *business factories* de alimentación (BFFood), automoción (BFAuto), ou

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

aeronáutica (BFAero); a High Tech Auto, incubadora de alta tecnoloxía no sector da automoción que completa a propia BFA; e tamén colaborando e participando noutras iniciativas nestes eidos, como ViaGalicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O NOVO BONO UNIVERSAL DE COIDADOS NO FOGAR E O COMPLEMENTO PARA O BONO RESIDENCIA ENTRARÁN EN VIGOR A PARTIR DO VINDEIRO DÍA 1 DE DECEMBRO

- Máis de 30.000 galegos en situación de dependencia beneficiaranse destas dúas novas medidas con que Galicia se converte na primeira comunidade autónoma en emprender o camiño cara á universalización dos coidados
- Estas dúas axudas recibiranse de forma automática, sen necesidade de facer ningún trámite administrativo, e os primeiros pagamentos faranse efectivos nos primeiros días do mes de xaneiro

O Consello da Xunta deu conta hoxe dun informe sobre as novas medidas na atención á dependencia que entrarán en vigor a partir do vindeiro día 1 de decembro e coas cales Galicia se converte na primeira comunidade autónoma que emprende camiño cara á universalización dos coidados. Estas novidades, xa avanzadas o pasado mes de outubro no Debate de Política Xeral, son o Bono coidados no fogar, una axuda universal de 5.000 euros ao ano para todas as persoas con dependencia que son atendidas nas súas casas por un familiar, un veciño ou unha persoa da súa confianza; e o complemento de 1.200 euros anuais, tamén universal, para as persoas que xa contan cun Bono residencia.

Máis de 150 millóns de euros ao ano destinará o Goberno galego a estas dúas medidas das cales se beneficiarán máis de 30.000 galegos, teñan o grao de dependencia que teñan e sen importar o seu nivel económico. Ademais, tanto o Bono coidados no fogar como o complemento ao Bono residencia recibiranse de forma automática, sen ningún trámite administrativo. Os primeiros pagamentos faranse efectivos nos primeiros días do mes de xaneiro.

O *Diario Oficial de Galicia* (DOG) recollerá proximamente a orde que regula estas novidades no ámbito da dependencia, que entrarán en vigor o mesmo día da súa publicación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SANIDADE APRECIA UNHA DIMINUCIÓN NOS ÚLTIMOS NOVE ANOS DA INCIDENCIA DO VIH EN GALICIA

- Así se desprende dun informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade sobre a situación do VIH-SIDA
- O vindeiro 1 de decembro conmemórase o Día Mundial da Sida, cuxa celebración servirá para seguir formando e informando profesionais e cidadanía sobre o VIH e as principais medidas de prevención
- Coincidindo co esta xornada, Sanidade fará unha campaña divulgativa sobre o VIH nos centros sanitarios, educativos, ONG e outras entidades colaboradoras
- Como actualmente a infección polo VIH non ten tratamento curativo, Sanidade lembra que a prevención da transmisión da infección é o máis importante neste problema de saúde
- Facilitación de probas rápidas, Vixhia Móbil, ou Urxencias Vixia, son algúns dos programas postos en marcha por Sanidade para a prevención do VIH

Nos últimos nove anos estase a apreciar unha tendencia á diminución da incidencia de VIH en Galicia pasando de 225 casos en 2012 a 109 no ano 2022. A incidencia de VIH en 2022 foi de 4,1 infeccións por 100.000 habitantes, moi inferior á do ano 2021 en España, último ano dispoñible, que foi de 7,4 casos. Estes datos despréndense dun informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade sobre a situación do VIH-SIDA e outras infeccións de transmisión sexual en Galicia, que hoxe abordou o Goberno galego na súa reunión semanal.

O vindeiro 1 de decembro conmemórase o Día Mundial da Sida, cuxa celebración servirá para seguir formando e informando profesionais e cidadanía sobre o VIH e as principais medidas de prevención.

Como actualmente a infección polo VIH non ten tratamento curativo, Sanidade lembra que a prevención da transmisión da infección é o máis importante neste problema de saúde; e dado o patrón de transmisión maioritariamente pola vía sexual, o fomento de prácticas de sexo seguro é de especial importancia, sobre todo nas franxas de idade máis vulnerables.

En consonancia co anterior, é importante lembrarlle á poboación galega que arredor do 8 % da poboación infectada polo VIH non sabe que o está. Polo tanto, tamén é preciso difundir a importancia da detección precoz, tanto para obter un mellor prognóstico da enfermidade como para cortar as cadeas de transmisión a outras persoas.

Hai que sinalar que, en relación co gasto en tratamentos antirretrovirais, os datos dos últimos anos reflicten un custo anual en Galicia de máis de 30 millóns de euros, para abordar un número aproximado de 5.000 persoas a tratamento cada ano na nosa comunidade, o que reflicte o impacto desta enfermidade no sistema sanitario.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Datos do informe

No que atinxe aos diagnósticos de infección polo VIH no período que vai desde 2004 a 2022, o informe sinala que se rexistraron un total de 3.268 novos diagnósticos de VIH, cunha media anual de 172 infeccións. Isto supón unha media de 6,3 casos ao ano por 100.000 habitantes, o que sitúa Galicia por debaixo da incidencia anual española, que é de 9,7 infeccións.

Polo que se refire aos casos de sida, de 1984 a 2022 diagnosticáronse un total de 4.330 desde o ano 1984, cando apareceu o primeiro deles. A evolución foi ascendente ata 1996 (cando se acadou o máximo de 13,2 casos/100.000 habitantes). Ao respecto, hai que sinalar que os logros na prevención e no tratamento da enfermidade fixeron diminuír esa incidencia ata os niveis actuais de 2022, onde se diagnosticaron 14 casos, o que supón unha incidencia de 0,5 por 100.000 habitantes.

No que atinxe á mortalidade polo VIH-SIDA no período 1984 a 2021, producíronse en Galicia un total de 3.181 mortes polo VIH, cunha diminución moi importante desde o ano 1995, en que se deu o maior número con 293 mortes (10,7 casos por 100.000 habitantes) ata o último dato dispoñible, do 2021 con 12 mortes (0,45 por 100.000 habitantes).

O informe sinala que as probas rápidas de detección do VIH ofrecen, ademais da vantaxe de facilitar o diagnóstico precoz, a posibilidade de chegar a colectivos con escaso contacto cos servizos de saúde ou reticentes a acudir a eles. Desde o comezo deste programa en 2011 fixéronse 9.231 probas rápidas de VIH, das cales 145 foron positivas (1,6 %).

Outro dato que hai que destacar do informe é que son as provincias da Coruña e Pontevedra as zonas con maior incidencia de infección polo VIH de Galicia. Respecto da distribución por sexos dos casos de VIH acumulados, o 81 % pertence ao masculino. En canto á idade, o 76 % de todos os casos tiña no momento do diagnóstico da infección entre 25 e 49 anos, sendo os maiores de 49 anos o 16 % dos casos.

A idade media no momento do diagnóstico da infección rolda os 38 anos, con valores similares en homes (38,3) e mulleres (39,1), aínda que as mulleres amosan unha tendencia máis irregular e tendente ao aumento de idade nos últimos anos.

O VIH transmítese maioritariamente por vía sexual. No patrón epidemiolóxico da transmisión do virus predomina a vía sexual, cun 80 % dos casos (44 % relacións entre homes que teñen relacións sexuais con outros homes e 36 % heterosexual).

Ao longo do período e sen variacións anuais significativas, o 50 % dos novos diagnósticos de infección presentan diagnóstico tardío, o que remarca a necesidade de seguir impulsando actividades para conseguir mellorar o diagnóstico precoz, cuestión que é prioritaria para obter o máximo beneficio, individual e colectivo, dos avances na prevención e o tratamento da infección polo VIH.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que respecta a outras infeccións de transmisión sexual (ITS), o informe sinala que a sífilis e a gonococia mostra unha lixeira tendencia ao aumento nos últimos anos.

Campañas preventivas

Son varias as campañas preventivas da Consellería de Sanidade que promoven o sexo seguro na nosa Comunidade. Entre elas, inclúense as de difusión de mensaxes preventivas a través de redes sociais. Ademais, o departamento sanitario galego ten en marcha o Programa de promoción do preservativo que distribúe gratuitamente este material a través de entidades colaboradoras. Tamén conta coa iniciativa Xente con Don, iniciada no curso 2016/17, e que se oferta desde entón aos centros de ensino secundario e de formación profesional de Galicia.

Ao longo destas xornadas previas ao Día Mundial da Sida, Sanidade vai facer unha distribución de material divulgativo a todos os centros de ensino secundario e formación profesional de Galicia, aos centros de atención primaria e hospitais do Sergas, así como a centros sanitarios privados, unidades de asistencia a drogodependencias, institucións penitenciarias que existen en Galicia, centros Quérote+ e numerosos concellos e entidades privadas sen ánimo de lucro que colaboran co Plan galego anti VIH-SIDA e outras ITS ao longo do ano.

Esta campaña desenvolverase en consonancia co lema de ONUSIDA deste ano: "Que lideren as comunidades", xa que é imprescindible que as comunidades que viven co VIH, e que corren o risco de contraelo ou que se ven afectadas polo virus, participen na loita para poñer fin á sida.

Outras iniciativas de Sanidade no ámbito da prevención

Outros programas exitosos da Consellería de Sanidade na prevención do VIH, e que se seguen a desenvolver na actualidade na nosa Comunidade, son o de intercambio gratuito de xiringas e o de venda subvencionada de kits de inxección hixiénica, que reduciron dun xeito importante a aparición de novos casos de VIH asociados á vía de compartir material de inxección de drogas.

Outra das liñas estratéxicas en que se traballa desde a Dirección Xeral de Saúde Pública é o fomento do diagnóstico precoz do VIH en Galicia, e varias son as actuacións que se levan a cabo:

- Facilitación de probas rápidas, que empregan unha mostra de saliva, e son gratuítas, anónimas e están accesibles á comunidade a través de entidades colaboradoras situadas nas catro provincias galegas.
- Vixhia Móbil: pilotaxe dun programa en lugares de ocio da cidade da Coruña e outros lugares de interese, a través dunha unidade móbil que proporciona información e facilita a realización de probas rápidas para a detección precoz de VIH e hepatitis C.
- Urgencias Vixia: programa implementado nos servizos de urgencias do Sergas para a detección precoz de VIH en determinadas situacións de interese.

Xunto ao anterior, Sanidade tamén fomenta a investigación, e como cada ano, en outubro, xa se publicou a sexta convocatoria dos Premios de investigación sobre VIH e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

outras ITS. No presente ano, continúaase co Programa da profilaxe preexposición ao VIH en Galicia dirixido a un grupo de poboación cun risco moi elevado de adquirir a infección.